

En caso de empate na puntuación total resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos criterios xerais para a admisión do alumnado.

Se persiste o empate, resolvérse tendo en conta o resultado do sorteo público que realizará a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a última semana do mes de febreiro e, en todo caso, antes do 1 de marzo.

NOVIDADE: Neste sorteo extraeranse aleatoriamente dúas bolas dun conxunto de dez, numeradas do 0 a 9. Antes de proceder a cada extracción, volverse a introducir a bola extraída con anterioridade. O número obtido ao colocar de esquerda a dereita e pola mesma orde de extracción as bolas divídese entre cen; se o número obtido fose "00" hai que considerar que a extracción se corresponde co número 100 para facer a división. Este número multiplícase polo número de solicitudes empatadas en cada centro e curso e o resulta desta multiplicación redondéase á alza.

O dito número enteiro determina a posición ordinal da solicitude que ocupará o primeiro lugar e, a partir desta, a orde das sucesivas solicitudes empatadas, previamente ordenadas de forma ascendente e correlativa con base no número aleatorio asignado pola aplicación admisión alumnado no momento da súa gravación no sistema.



A Coruña, 22 de febreiro de 2023